

A Xunta incumpre de novo as súas competencias e discrimina á provincia, ao rexeitar un plan integral de melloras para O Piornedo

A dereita de Feijóo leva 5 anos “eludindo responsabilidades” na conservación e promoción do patrimonio lucense, que ten “completamente abandonado”, como demostra a falta de investimentos na Muralla ou no cuartel de San Fernando

O Goberno galego “é dobremente culpable do grave deterioro das pallozas do Piornedo: por suprimir en 2010 as axudas para mantelas e agora por rexeitar un plan integral de actuacións que as poña en valor”

SANTIAGO, 19 DE FEBREIRO.- A Deputada socialista no Parlamento galego - Concepción Burgo- denunciou este mércores que a Xunta volve a incumplir as súas competencias e discriminar á provincia de Lugo, ao rexeitar un plan integral de melloras para O Piornedo; unha proposta realizada pola Deputación de Lugo que secundan o Alcalde de Cervantes e os veciños da aldea.

A iniciativa do organismo provincial, lembrou Burgo, consiste en asinar un convenio a tres bandas –Xunta, Deputación e Concello- para poñer en marcha un programa de actuacións que inclúa os traballos de mantemento das pallozas, “para os que o Goberno galego cortou as axudas en 2010”, pero tamén a dotación de servizos básicos, como alumeado público e saneamento. Ademais de mellorar a calidade de vida dos veciños deste núcleo rural, o plan “serviría para impulsar este conxunto histórico artístico como motor dun turismo sostible na comarca, un dos escasos dinamizadores da economía local”, explicou a deputada.

A resposta da Xunta foi, “unha vez máis e como fai dende hai 5 anos, lavarse as mans e eludir responsabilidades na conservación e promoción do patrimonio artístico lucense, que ten completamente abandonado”, argumentou a parlamentaria socialista, quen recalcou neste senso que o artigo 2 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia atribúe á comunidade autónoma “a competencia exclusiva” sobre os monumentos declarados Ben de Interese Cultural (BIC), como é o caso das pallozas do Piornedo. A pesar diso, engadiu, “en 2010 retirou sen explicación algunha as axudas para manter estas construcións, o que, xunto ó forte temporal que sofre a zona dende hai máis dun mes, provocou que se atopen nun estado tan lamentable que mesmo corren o risco de desaparecer”.

A “irresponsabilidade e deixamento” do Goberno galego

A “irresponsabilidade e deixamento” do Goberno de Feijóo na conservación do patrimonio lucense queda demostrado tamén na falta de investimentos na Muralla, Patrimonio da Humanidade, ou no cuartel de San Fernando. Deste xeito, “coa Xunta, a riqueza patrimonial que tería que ser unha fonte de ingresos convértese en motivo de perdas e problemas”. Concepción Burgo subliñou que o Executivo galego tivo a Muralla durante máis de dous anos sen iluminación e que nos Orzamentos autonómicos para este 2014 “non figuran partidas para manter este monumento, como tampouco

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

recollen consignación algunha para os traballos de rehabilitación do cuartel de San Fernando e o Museo da Romanización, a pesar das promesas da Xunta. Vamos mentira tras mentira”.

A falta de implicación do Goberno galego coas melloras no Piornedo “delatan unha nova discriminación á provincia, pois mentres tardou menos de 12 horas en comprometer axudas para rehabilitar o templo da Barca, en Muxía, non fai nada ante o grave deterioro das pallozas do Piornedo, do que é dobremente culpable: por suprimir as axudas para mantelas e agora por rexeitar un plan integral que as poña en valor”.